

Espalladas polo espeso mato, aboian, silandeiras, somnolentas, columnas e varandas partidas, muros derruídos, retallos de cornixa, pedras labradas. No interior, mudo no seu desamparo, o vello pazo acolle un tolo garabato de silvas que gabean por trabes e muros, ocos e linteis. Penso, entón, nunha intervención que, mantendo os restos tal como están, describa as forzas que afastaron estes restos do seu emprazamento orixinal, a distancia entre o esplendor dunha antiga construción e o momento actual. Unha obra resolvida con liñas, centos de arames de aceiro, finos e flexibles, que poñan en contacto cada un dos retallos, cada pedra, por pequena que sexa, co seu lugar primitivo. Un paciente estudo arqueolóxico, un delicado encaixe bordado con esmero e agarimo, debuxado pola historia, o tempo e o azar.

□ **Dar forma é procurar un cruce, un punto de encontro. Dar forma é conciliar o abstracto e o concreto. Toda forma é un acontecemento.**□ Lembro, hai case trinta anos, petar nos muros medievais da vila cántabra de Santillana de Mar, na dúbida se aquilo era o cartón pedra dun parque temático. Cousas miñas, sempre escéptico con esa unidade que nega o paso do tempo, esa conservación radical que deriva en artificio. Pola contra, na heteroxénea configuración de épocas e arquitecturas que é a nosa Compostela, observamos unha especial cohesión, inexistente noutros conxuntos máis intactos. Como se todas as pezas que conforman ese crebacabezas secular, sen ser perfectas ou axeitadas, tiveran todo o tempo do mundo de asentarse, de encaixar unha con outra, de acomodarse ao lugar. Certamente, a creación producida no curso do tempo ten uns trazos propios, singulares, que, sen pertencer exactamente a unha lóxica caótica, non responden, tampouco, a esa orde convencional imaxinada pola mente humana desde un único presente. Pois, se percibimos unha lamentable ausencia de latexo en toda rehabilitación supostamente literal, tamén, das pretensiosas reproducións e mesturas de tempos ou estilos, resultan artificiosas parodias.

Desa mediática e abafante morea de vampiros, lobishomes, dragóns e outros seres mitolóxicos, □ deducimos a inexistencia dunhas representacións actualizadas das aprensións, ansiedades e mágoas contemporáneas. Mesmo naquelas imaxinerías futuristas da ciencia ficción, caso de Alien e as súas secuelas, os monstros manteñen unha escura estética medieval. Agás lúcidas excepcións, penso en Hal, o rebelde e perverso ordenador da odisea de Kubrick, os medos máis fondos das nosas sociedades científico-técnicas, represéntanse, aínda hoxe, coas mesmas imaxes que aniñan nos muros das catedrais góticas.

A lexitimidade de calquera realización humana, tanto ten un edificio, unha obra artística, ou un obxecto de uso cotián, ven dada na boa correspondencia entre o pensamento, a idea, e a súa expresión simbólica e formal. Cando a súa aparencia externa, a súa envoltura, responde a unha lóxica ou ética interna, derivada dos intereses e necesidades reais do seu presente concreto. De aí que, á inversa, en calquera expresión presuntuosa e superficial, albiscamos, paradoxalmente, a existencia de algo agachado, indicible ou ausente. Toda estética sen

fundamento alude a unha carencia. Se cadra, nesa delirante megalomanía na construción que remite a rancias aristocracias de clase, no chamado deseño

retro

, na publicidade das pizzas da aboa, o éxito da novela histórica, ou mesmo, no renovado interese pola ópera, latexa un inconsciente devezo a destempo, un irreal camiñar de caranguexo, que revela unha relación esquizofrénica co pasado. Unha relación na que toda pretensión deliberada de coñecemento disólvese nas estratexias dun ávido mercado que rapina nos eidos, xa extintos, da tradición e a confianza. Un pasado que, nestes tempos dominados pola continua produción de nostalxia, principio esencial da moi rendible industria do desasosego, imponse, nas súas imaxinerías plásticas e literarias, como unha distracción consoladora, un adozado e decadente entresoño onde asilarse dun presente incerto, saturado e contradictorio.

A pertinaz nostalxia, a promiscua incerteza da identidade, a acelerada expansión do Universo, a sospeitosa delgadeza das cantantes sopranos, o instinto de supervivencia dos príncipes herdeiros, murchos e tristeiros, sen adolescentes durmidas ás que bicar.

Se consideramos o número e calidade dos premios, as aclamacións da crítica especializada, e a entusiasta resposta do público,

The Artist

foi o acontecemento cinematográfico da tempada. Seica a súa novidade ven de contar unha historia cos medios anteriores á estrondosa irrupción do cine sonoro. Mais, chega con repasar outras películas que revisan a épica prehistoria do cine, para decatarse que, na súa adozada recreación,

The Artist

garda unha meditada distancia con todo o que teña un lixeiro cheiro a parodia. Unha distancia que non é gratuíta. Coa nostalxia non se xoga. Sabe que, nestes tempos de crise, aí, no equilibrado control e manexo desa medida, agarda o celebrado gusto do público. Como un pescador xogando coa tanza na procura da troita. Pois, baixo a aparencia de premeditado pastiche, cheo de literais homenaxes visuais,

The Artist

, na súa posmoderna e lacrimóxena procura das emocións básicas, insiste na empatía, na máxima identificación do espectador cos protagonistas. O artificioso mimo, a montaxe, o ritmo, todo é absolutamente actual na súa concepción e artellamento. Lóxico. O público esixe nostalxia, non vellas películas. Son dúas cousas diferentes. A nostalxia é, no carácter reemprazable, provisional, dos seus obxectos, unha construción sempre actual, contemporánea. Esa é a verdadeira novidade de

The artist.

A apertura dun novo nicho no sofisticado cemiterio da nostalxia, no que atopar outro sentimental, estilizado e cálido acougo.